

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A SOLICITUDE DE GRUPOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA “MÁIS CULTURA” PARA O ANO 2024

O Concello de Poio, a través da área de Cultura, ten entre os seus fins promover e fomentar a cultura popular galega mediante o apoio a música tradicional e popular galega, artella o funcionamento do **Programa “MáisCultura”** para a ampliación da participación dos grupos locais de música, teatro e audiovisual acollidos a este programa nas festas patronais e naqueles outros eventos populares no termo municipal de Poio, contribuindo desta maneira á dinamización cultural no noso municipio.

Tamén poderá retribuírse a participación destes grupos naquelas actividades de carácter cultural realizadas no termo municipal de Poio relacionadas con diferentes manifestacións artísticas coma a difusión do patrimonio, actividades cinematográficas, exposicións de artes plásticas ou temas similares que fomenten as políticas culturais locais, e que serán obxecto de valoración por parte da área de Cultura.

Deste xeito, a través desta iniciativa o Concello de Poio autorizou durante o primeiro semestre do ano 2024 máis de 60 actuacións fomentando o acceso das entidades locais ás actuacións no ámbito do folclore e a música tradicional e popular galega.

Co impulso otorgado ao programa “MáisCultura”, e co obxectivo de contribuir e ampliar a acción cultural local e outras iniciativas tradicionais da localidade, incorporanse novas categorías as existentes: agrupacións verbena galega; teatro (animación teatral e clown) e outros grupos, no que se inclúen (audiovisuais, baile moderno e poetas,..) que sirvan como base para que as entidades e colectivos organizadores de actos culturais, poidan programar as súas actividades tomando como referencia os grupos e creadoras culturais locais.

Nesta liña o programa “MáisCultura” reforzará a súa estratexia de difusión cultural e manterá a Axenda Cultural, dispoñible na web do Concello de Poio, coa finalidade de continuar ofrecendo visibilidade e difusión ás actuacións e promovendo a cultura de base.

Deste mesmo xeito, o programa pretende incrementar os eidos culturais das actuacións autorizadas cos fondos públicos locais e continuar identificar aqueles elementos mínimos de publicidade institucional para garantir o retorno da axuda e a valoración do impacto a nivel local. Ademais, “MáisCultura” terá un plan de difusión de contidos nas redes sociais do Concello de Poio, ofrecendo



a impresión de carteis promocionais a aquelas entidades que o soliciten.

En base o anterior, o Concello de Poio promove e amplia o Programa “MáisCultura” de apoio á dinamización cultural de agrupacións e asociacións sen fins de animo de lucro, así como comisións de festas legalmente constituídas na localidade de Poio, a través do cal concederanse actuacións, de grupos do Catálogo de grupos do Concello de Poio, nas actividades culturais realizadas na localidade de Poio durante o ano 2024, de acordo coas seguintes:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA

1.-Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a ampliación da convocatoria 2024 do Programa “MáisCultura” de fomento da cultura popular galega coa participación dos grupos locais acollidos a este programa nas festas patronais ou outras actividades culturais realizadas no termo municipal, así como regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos a cargo ao programa que se desenvolverán na localidade de Poio.

2.-Financiamento

O crédito inicial que se dispón para a concesión das actuacións será de 16.000,00 euros, e vese ampliado en 6.000 euros adicionais con cargo á partida orzamentaria 334.48901 previsto no orzamento 2024.

3.-Entidades destinatarias

As entidades solicitantes poderán ser as agrupacións e asociacións sen fins de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, así como as comisións de festas legalmente constituídas que promovan a realización das festas e/ou actividades sinaladas na base primeira.

As entidades interesadas, como organizadoras dos actos, débense poñer en contacto cos grupos inscritos no “*Catálogo de grupos*” para concretar a data da actuación, coñecer as condicións e facilitarlles a actuación.

Os grupos disporán dun escenario ou marco adecuado para que poidan efectuar a súa actuación sen impedimento ningún.

4.-Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a



través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica do Concello de Poio <https://concellopoio.sedelectronica.gal/info.6>

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos nestas bases, requiriráselle á entidade interesada para que emende as deficiencias no prazo de dez días hábiles, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido da na súa petición, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cada entidade poderá solicitar ata un máximo de dúas actuacións por festa ou evento de ata dous días de duración e catro actuacións por festa/evento de tres ou máis días de duración (sen exceder o máximo en dous grupos acollidos por día) en cada festa ou evento con programación cultural.

A mera presentación da solicitude suporá que a entidade solicitante coñece e acepta as presentes bases.

5.- Documentación

Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- Publicidade en galego do evento na que figure o logo coa colaboración do Concello de Poio.
- Achegarase cartel en formato PDF, JPG ou PNG e, no seu caso, os enlaces á web e aos perfís de redes sociais nos que se fará constar nas súas entradas aos perfís do Concello de Poio: @concellodepoio
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social ou declaración xurada pola representante da entidade.

O Concello de Poio comprobará de oficio a inscrición no Rexistro municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa facenda municipal.

6.- Solicitudes excluídas

Quedan expresamente excluídas do Programa “MáisCultura”:

- As solicitudes efectuadas por persoas particulares, empresas, comunidades de montes, cofrarias de pescadores, centros educativos e ANPAS.
- Aquelas peticións de grupos que superen os límites establecidos na base 10 desta convocatoria.
- Aquelas peticións realizadas por distintas entidades para a mesma festa ou evento.



7.- Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de actuación comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 20 días naturais con respecto á data de realización da actuación. As solicitudes presentadas con posterioridade ao prazo mínimo de 20 días naturais previsto no punto anterior serán denegadas.

8.- Notificacións

As resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da sede electrónica do Concello de Poio. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9.- Instrución do procedemento

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito, sen necesidade de prelación das actividades ou eventos entre sí, de conformidade co disposto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A instrución do procedemento corresponderalle á concelleira de Cultura, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas entidades interesadas.

O servizo de Cultura examinará as solicitudes presentadas e ditará a proposta de resolución. A resolución do procedemento realizarase por Decreto da Alcaldía, e será notificada na forma establecida na base 8.



10.- Adxudicación das actuacións

A adxudicación das actuacións apostará pola diversificación das categorías na repartición dos fondos e determinarase aplicando os seguintes criterios:

- Atenderase as solicitudes que realicen as entidades solicitantes ata un máximo de dúas actuacións por festa ou evento de ata dous días de duración e catro actuacións por festa/evento de tres ou máis días de duración (distribuídas as actuacións solicitadas en cada un dos días de duración con un máximo dúas actuacións por día de programación cultural) como indica a base 4) da festa ou evento.
- Dúas entidades distintas non poderán presentar solicitudes de actuación para a mesma festa ou evento.
- O importe máximo das actuacións autorizadas ás entidades solicitantes para cada festa ou evento será de 480,00 € para eventos de ata dous días de duración e de 960,00€ para eventos de 3 ou máis días de duración.
- Para a súa concesión é preciso que acompañen a correspondente difusión publicitaria do evento para o que se solicita a actuación, de acordo co disposto na base 5.
- As solicitudes serán aceptadas, no caso de cumprir todos os requisitos establecidos nas presentes bases, segundo a orde de entrada das mesmas.
- En calquera caso, a concesión das actuacións queda suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.

11.- Pagamento

O pagamento das actuacións autorizadas con cargo a este programa efectuaráselle directamente ás agrupacións musicais, que deberán emitir a correspondente factura ao Concello de Poio, facendo constar na descrición o nome da festa/actividade e a mención ao Programa “MáisCultura” 2024.

Así mesmo xuntarán á factura o certificado acreditativo da realización da actuación, debidamente asinado polo representante da asociación ou comisión de festas a que lle foi concedida a mesma.

O pago realizarase unha vez presentado o certificado acreditativo da actuación e recibida a correspondente factura, que deberá presentarse, no prazo máximo de 30 días naturais contados dende a data da realización da actuación e, en todo caso, antes da finalización do ano en curso.

En consecuencia, o Concello de Poio retribuirá cada actuación autorizada con cargo ao Programa “MáisCultura” cos seguintes importes (IVE engadido), independentemente de que os grupos teñan un caché superior:

- Agrupacións folclóricas: 240,00 € (actuación en procesións, misas e concertos).
- Pandeireteiras: 210,00 €.
- Corais: 240,00 €.
- Música popular instrumental (charangas, batucada, acordeóns, grupos de guitarra..): 240,00 €.



- Música popular (solistas): 150,00 €.
- Agrupacións verbena galega: 240,00 €.
- Teatro (animación teatral e clown): 240,00 €.
- Outros grupos (audiovisuais, baile moderno, poetas,..): 150,00 €.

12.- Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades interesadas ás que se lles autoricen actuacións, como organizadoras dos actos con cargo ao Programa “MáisCultura”, están obrigadas a:

- Poñerse en contacto cos grupos acollidos a este Programa “MáisCultura” concretar a data da actuación, coñecer as condicións e facilitarlles o concerto nun marco adecuado para que poidan efectuar a súa actuación sen impedimento ningún.
- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelaría, folletos e equivalentes). Por tanto, todas as actividades subvencionadas deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas. Desde o Concello de Poio farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.
- Informar e anunciar que a actividade está financiada polo Concello de Poio. Deberá figurar a colaboración do Concello de Poio en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada. Na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís do Concello de Poio: @concellodepoio
- Utilizar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- Obter todas as autorizacións e permisos necesarios para o bo desenvolvemento da actuación.
- Aboar as taxas da SGAE, cando corresponda.
- Notificar os cambios que se puidesen producir, e no caso de que a actuación non se levase a cabo tamén poñelo en coñecemento deste Concello. No caso, de alterar as datas de actuación con respecto a cartelaría presentada para a festa/evento, a difusión en redes sociais ou outros medios a solicitude de actuación non será subvencionable.
- Emitir un certificado acreditativo de que o grupo realizou a actuación para poder proceder ao pago da factura correspondente (segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio).

13.- Vixencia

As solicitudes de actuacións con cargo a este Programa “MáisCultura” terán vixencia durante todo o ano 2024 e estarán condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.



14.- Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno Local.

15.- Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica do Concello de Poio <https://concellopoio.sedelectronica.gal/info.6>

16.- Tratamento de datos de carácter persoal

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón www.concellopoio.gal/index.php/ política de privacidade.

17.- Disposición final

O Concello de Poio quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das autorizacións realizadas con cargo a este Programa “MáisCultura”.

A presentación de solicitude de actuacións leva implícita a autorización ao Concello de Poio para que publique na súa páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Poio a relación de actuacións financiadas con cargo a este Programa “MaisCultura”, coas excepcións previstas nas Leis.

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia.





SOLICITUDE DE GRUPOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA “MÁISCULTURA”

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME		CIF	
ENDEREZO			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME		DNI	
ENDEREZO			
CARGO			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN DA FESTA/EVENTO	
DATAS DE CELEBRACIÓN	

DATOS DAS MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS QUE SOLICITA

NOTA: máximo dúas actuacións por festa/evento de ata dous días de duración e catro actuacións por festa/evento de tres ou máis días de duración.

Grupo 1:

- Nome do grupo: _____
- Categoría: _____
- Data de actuación: _____

Grupo 2:

- Nome do grupo: _____
- Categoría: _____
- Data de actuación: _____

Grupo 3:

- Nome do grupo: _____
- Categoría: _____
- Data de actuación: _____

Grupo 4:

- Nome do grupo: _____
- Categoría: _____
- Data de actuación: _____



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Publicidade en galego do evento na que figure a colaboración do Concello de Poio. Achegarase cartel en formato PDF, JPG ou PNG e, no seu caso, os enlaces á web e aos perfís de redes sociais nos que se fará constar nas súas entradas aos perfís do Concello de Poio: @concellodepoio
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.

Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

└ Fun informado de que esta entidade vai a tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que se acompaña como Anexos

<i>Responsable</i>	<i>Concello de Poio, con CIF P3604100B e domicilio social en Praza do Mosteiro 1, 36995 Poio (Pontevedra)</i>
<i>Finalidade</i>	<i>A finalidade da recollida e tratamento dos datos son: Xestión e control das subvencións concedidas e recibidas Xestión e control de subvencións e convenios así como a xestión de subvencións e patrocinio recibidos polo Concello Xestión e control administrativo das comisións de subvenciones</i>
<i>Destinatarios</i>	<i>Poderase ceder os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Igualmente poderán ser cedidos a un terceiro interesado que solicite acceso e sexa pertinente conforme as normativas vixentes. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.</i>
<i>Dereitos</i>	<i>Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos. Deberá para isto remitir a súa solicitude por correo electrónico á dirección ou mediante escrito dirixido A/A Secretaría do concello de Poio ó seu domicilio social.</i>
<i>Información adicional</i>	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos no Portal de transparencia do concello de Poio na seguinte ligazón https://concellopoio.sedelectronica.gal/transparency

Poio, _____ de _____ de

Asdo.



PROGRAMA “MÁISCULTURA”/CERTIFICADO ACREDITATIVO DA ACTUACIÓN

D./Dña. _____ con DNI núm. _____ en calidade
de _____ da entidade/asociación _____ con CIF _____ e
dirección _____

CERTIFICO:

Que o grupo _____ actuou o día _____ na
festa/actividade/evento _____ denominado _____

E para que así conste, aos efectos de xustificación da actuación realizada con cargo ao Programa
“MáisCultura” do Concello de Poio para o presente ano , asino o presente certificado no lugar e data
senalados.

Poio, __ de _____ de

Asdo.: o/a representante

**NOTA: o presente certificado deberá ser presentado no Concello de Poio pola agrupación
musical xunto coa correspondente factura da actuación.**



PROGRAMA “MÁISCULTURA”/MODELO CARTELERÍA PARA ACTUACIÓN**DATOS DE CONTIDO**

DENOMINACIÓN FESTA OU EVENTO		DÍA E HORA UBICACIÓN	
DENOMINACIÓN DO GRUPO ACOLLIDO			

DATOS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL

ORGANIZA	Entidade, asociación ou comisión de festas.
COLABORA	

